



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO - TEO

Tres vehículos municipais denunciados pola policía de Teo por non ter o seguro obrigatorio.

Manuel Anxo Fernández Baz “insta ao goberno municipal a que dea as explicacións pertinentes e a que asuman as responsabilidades políticas”

Teo, 18 de maio de 2016. O BNG de Teo amosa a súa estupefacción, e pídelle explicacións ao goberno municipal de Son de Teo+PSOE despois de coñecerse e publicarse no xornal El Correo Gallego a grave infracción de **varios vehículos do concello aos que a Policía Municipal denunciou por circular sen o seguro obrigatorio.**

Segundo a información feita pública pola xornal, as denuncias foron cursadas o día 9 polos axentes despois de comprobar os datos coa Dirección General de Tráfico, como si esta situación non fora xa lamentábel, **dous deses vehículos municipais denunciados levaban co seguro vencido dous anos** e o consistorio ao ser preguntado pola xornalista referiu que “o concello non vai facer ningún tipo de comentario sobre tonterías”.

Tales denuncias poden levar a multas de 800€ por vehículo.

O portavoz municipal do BNG, Manuel Anxo Fernández Baz, cualifica de incríbel esta situación e “insta ao goberno municipal a que dea as explicacións pertinentes sobre este tema e a que asuman as responsabilidades políticas diante da gravidade dos feitos



denunciados” e engade que deben informar tamén de “si as multas, que poden ascender a 2.400€, se van pagar cos cartos dos veciños e veciñas”, e “da situación do resto dos vehículos municipais”

Máis unha vez demostrase o descontrol e a descoordinación deste goberno municipal bicéfalo, que aproveita cada oportunidade para “meterse nunha nova fochanca”, alimentando mes a mes a situación de enfrontamento cos seus propios funcionarios, namentres os veciños e veciñas temos que asistir ao espectáculo dun goberno municipal máis preocupado de cuestións partidarias que do ben común e de xestionar correctamente o concello.